

11. FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC

11.1- O PLAN LECTOR

O fomento da lectura na área de Lingua Galega e Literatura aparece recollido nos obxectivos xerais da etapa, nos seguintes termos:

- *Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.*
- *Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.*

Ao partirmos destes obxectivos, as propostas de fomento da lectura por parte do Departamento son constantes ao longo de todo o ano e en todos os cursos da etapa. As actividades, coas que se pretende traballar máis especificamente a competencia comunicativa e a cultural e artística, son as seguintes:

- **Actividade inicial de cada unidade didáctica.** Pártese dunha lectura individual (en voz alta e en silencio) con seguimento colectivo na que valoramos: entoación, ritmo e velocidade. Trátase de facer as correccións ao alumnado no momento da lectura. Trabállase a comprensión lectora: o vocabulario, a discriminación de ideas principais e secundarias, o resumo, a síntese do tema.
- **Lectura doutros textos relacionados con cada un dos aspectos de cada unidade de traballo:** puntuación, ortografía, a gramática, a tipoloxía textual, etc.
- **Lectura de textos literarios** e comentario dos mesmos atendendo aos xéneros, aos movementos literarios ou autores destacados e aos recursos estilísticos.
- **Lectura de entretemento** a través dos libros recomendados polos docentes. En 1º e 2º de ESO foméntase a lectura deixando que sexan os alumnos os que escollan os libros que desexan ler do catálogo da biblioteca e, en 3º e 4º, márcaselles, con carácter obrigatorio, unha ou dúas lecturas por trimestre.
- **Lectura previa de revistas variadas** e a continuación selección e elaboración dun tema relacionado coa lectura, do que terán que informar os compañeiros a través dunha exposición oral na clase.
- **Información das novidades literarias en galego** que poidan ser do interese do alumnado.

11.2- O FOMENTO DAS TIC

Desde a nosa área, o fomento das novas tecnoloxías materialízase en dous ámbitos:

- O metodolóxico coa utilización de diferente material audiovisual en galego, dispoñible no centro e na rede, e co emprego do encerado dixital para dar aulas. (Material ao que xa fixemos referencia no apartado específico de metodoloxía e materiais.)
- O curricular ao vir marcado como un dos obxectivos xerais da etapa:
 - 🎬 *Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.*

A competencia no tratamento da información e a competencia dixital trabállase a nivel de contidos nas unidades dedicadas aos medios audiovisuais, coa análise das características da linguaxe audiovisual, e nas unidades dedicadas a presentación e a utilización de correctores ortográficos.

Procedementalmente a rede é un recurso indispensable para os alumnos na procura de información sobre autores, textos, libros, etc. Así como o soporte audiovisual é unha ferramenta fundamental na presentación de traballos de aula.

11.2.1- O PROXECTO “ABALAR”

Este curso continuarase co Proxecto Abalar en 1º da ESO e iniciamos tamén dito proxecto en 2º da ESO.